

Pilar Rodríguez Álvarez (1957-2015)

IN MEMORIAM

Para un humilde practicante deste discutible oficio de averiguar feitos do pasado e transmitir eses feitos e o espírito das cousas que se ocultan detrás do relato sempre fragmentario e incompleto dos mesmos do que dispomos, hai momentos mais ou menos felices na procura desa sabedoría, así como hai momentos que nos serven para lembrar a fragilidade da condición humana e a eterna verdade de que estamos de paso neste mundo no que as xeracións se sucederán sen descanso, e que non importa a grandeza, a honra, o poder ou a riqueza que por grandes que sexan teñen o seu fin polas leis inexorables da vida. Por iso sabemos que os que nun momento estamos deixaremos de estar sen que nada poida alterar esa inmutable orde das cousas.

Mais dentro desa orde aparentemente previsible e natural hai momentos nos que a forza dos acontecementos deixa unha fonda ferida que permanecerá a pesar do tempo. Cando nun momento dado nos vemos privados da presenza de seres queridos, que compartiron a nosa existencia, os nosos avatares e tanto tempo de conversas e que formaban parte do noso horizonte cunha afinidade profunda.

Esa é a situación ao lembrar que con escasos seis días de diferenza o Departamento de Historia I, e mais en concreto a Área de Historia Antiga da USC se viu traxicamente alterada polo pasamento de dous dos seus membros, a Profesora Titular Pilar Rodríguez Álvarez (9 de Febreiro de 2015) e o Catedrático D. Gerardo Pereira Menaut (15 de Febreiro). O impacto de ambas perdas é enorme, do punto de vista académico, tendo en conta o labor pioneiro e orientador que o Profesor Pereira protagonizou nos estudos sobre a Gallaecia romana desde a súa chegada no curso 1980/1, momento no que se incorporou á Universidade de Santiago e no que iniciamos a nosa carreira académica e investigadora Pilar Rodríguez Álvarez e quen subscribe estas liñas. Ambos somos debedores en diversos aspectos do maxisterio do Dr. Pereira. Pero é tamén grande polo carácter prematuro e imprevisto que en ambos casos ten a súa desaparición.

Porén, o meu propósito nestas liñas é facer unha recordación de Pilar Rodríguez Álvarez, en tanto que o desenvolvemento paralelo das nosas carreiras académicas, pertencer á mesma xeración e o compartir tantas vivencias fundamentou un profundo afecto persoal que ao longo de mais de 30 anos de convivencia profesional se viu consolidado a pesar de todos os variados avatares que tanto na vida académica como no ámbito persoal de ambos se foron sucedendo. Nestas liñas quero render un tributo e unha homenaxe tanto á colega de profesión, como sobre todo, á compañeira, á amiga e á persoa con quen convivín nos cotiás labores académicos nas súas vertentes docente, investigadora e no desempeño de responsabilidades na participación en distintos órganos da USC.

Na súa vertente investigadora, compre subliñar que se iniciou baixo a dirección do Prof. Bermejo Barrera no estudo das relixións antigas. A súa tese de licenciatura sobre uns dos seres míticos

da mitoloxía grega, os centauros, foi a materialización desa liña de investigación. Pero os seus temas viraron a partir da chegada do Prof. Pereira Menaut en dirección ao estudo da romanización do Noroeste e as organizacións sociais da Antigüidade, así como dos pobos prerromanos de Hispania. A súa tese de doutoramento: *Gens. Una forma de agrupación antigua mal conocida*, Vitoria, 1996 é a expresión desa dedicación temática, na que quixo esclarecer a natureza de termos como gens ou gentilitas a través da revisión das mencións dos textos literarios e epigráficos. Temática que encontramos noutros traballos sobre as gentes de Hispania (*Actas del V Coloquio sobre lenguas y culturas prerromanas de la Península Ibérica* [Colonia, septiembre de 1989], Salamanca, 1993, pp. 445/460), ou mais conceptuais (“El significado de civitas en Cicerón” *Veleia*, 7, 1990, pp. 233/241). Engadiremos a este capítulo a súa participación en proxectos como os dirixidos por Juan Santos e Cruz González (*Las Estructuras sociales indígenas del Norte de la Península Ibérica*) ou o dirixido por Martín Almagro Gorbea sobre a Paleoeñnología de la Península Ibérica, así como os proxectos autonómicos dirixidos por quen subscribe: *A transformación da Galicia Romana a través dun exemplo: o territorio dos Coporos* (2007-2010), e *O legado romano no Convento Lucense* (2010-2013), complementada coa participación en cursos como *Do Castro á Cidade. A romanización na Gallaecia e na Hispania Indoeuropea*. Lugo, 2008 (2009). Ou, finalmente a súa participación en Congresos de Historia Antiga (Valladolid, 2004, 2006).

Hai non obstante un ámbito no que o baleiro que deixa a miña querida colega e amiga se deixa sentir mais fondamente. A súa calidade humana que todos puidemos gozar non só na relación persoal que nos unise senón igualmente na súa proxección no ámbito académico e institucional. Pilar Rodríguez tiña entre as súas calidades unha que era especialmente notoria: unha sensatez, unha capacidade de analizar as situacións con frialdade e de temperar os conflitos que son inevitables nunha convivencia dentro de calquera colectivo. Tiña a capacidade de encontrar os puntos de converxencia, de mitigar os choques de egos que son tan proclives a suscitarse no mundo académico, sabendo facer ver a súa relatividade e facéndonos conscientes do fútil e mesmo ridículo de moitos dos nosos anoxos e da conveniencia de remontar a nosa ollada e ver as cousas nunha perspectiva de conxunto e resaltar a procura de solucións e de compromisos en lugar de persistir en inflamadas e inútiles confrontacións.

Esas calidades mostráronse non só na convivencia persoal, como antes dixen, senón tamén son a base do amplo aprecio que no desempeño da súa docencia suscitou nas sucesivas xeracións de alumnos que recibiron as súa clases e no aprecio dos colegas que no desempeño das súas responsabilidades en varios cargos, como Secretaria de Departamento, Secretaria de Facultade e Vicedecana da mesma puideron beneficiarse desa vertente tan positiva, plena de iniciativa, sempre disposta a servir e a que o seu labor contribuíse a facilitar o desempeño dos labores docentes e a satisfacción das necesidades académicas de profesores e alumnos. Calidades todas elas que emanaban quizás dunha mais profunda que ata o final non a abandonou: o amor á vida e a alegría de vivir.

MANUEL VILLANUEVA ACUÑA
Profesor Titular de Historia Antiga. USC
Santiago de Compostela, 14 de Abril de 2015